



CONCELLO DE FISTERRA
Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
C.I.F.: P1503800C
Telf. 981 740 001
info@concellofisterra.com

exp. 2025/G003/000753

DECRETO

ASUNTO: APROBACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2025

EXPEDIENTE: 2025/G003/000753

Relacionado co Expediente 2025/E003/000001

ANTECEDENTES:

Aprobado polo Pleno deste Concello en sesión ordinaria de 01/12/2022, o Orzamento Xeral xunto coas súas Bases de Execución e a Relación de Postos de Traballo para o exercicio económico de 2023, sendo obxecto de publicación de aprobación definitiva no BOP nº4 de 05/01/2023.

Visto o Decreto nº759/2024, de data 23/12/2024, ditado dentro do Expediente 2024/G003/000789, de prórroga do orzamento do exercicio 2023 ao exercicio 2025.

Visto o Decreto nº 400/2024, de data 18/07/2024, ditado dentro do Expediente 2024/G003/000409, polo que se declara a xubilación da traballadora laboral Posto RPT Código 01.03.00.01.

Visto o Decreto nº 652/2024, de data 13/11/2024, ditado dentro do Expediente 2024/G003/000682 en virtude do cal o Policía Local Posto RPT Código 05.00.00.01 pasou a situación administrativa de servizos noutras administracións públicas.

Tendo en conta o acordo adoptado polo Pleno do Concello de Fisterra en sesión ordinaria de data 03/04/2025, polo que se declaran vacantes a todos os efectos os seguintes postos da Relación de Postos de Traballo (publicación no BOP nº68 de data 09/04/2025):

- "POLICÍA LOCAL. DEPARTAMENTO DE SEGURIDADE" CÓDIGO 05.00.00.01.
- AUXILIAR ADMINISTRATIVO DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN E RÉXIME INTERNO; UNIDADE DE URBANISMO" CÓDIGO 01.03.00.01.

Tendo en conta que en data 09/12/2025 foi convocada e tivo lugar a Mesa Xeral Negociadora do Concello de Fisterra.

Considerando que o artigo 128 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, sinala que as Corporacións Locais aprobarán a Oferta de Emprego Público para o ano correspondente, así como o artigo 91 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Considerando a atribución que me corresponde por mor do disposto no art. 21.1g) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Aprobar a Oferta de Emprego Público (OEP) para o exercicio 2025 integrado polas seguintes prazas:

CÓDIGO	GRUPO	DENOMINACIÓN	TIPO DE PERSOAL	ÁREA DE ADSCRICIÓN
05.00.00.0 1	C1	Policía Local	F	Departamento de Seguridade
01.03.00.0 1	IV	Auxiliar Administrativo	L	Departamento de Secretaría-Intervención e Réxime Interno. Unidade de Urbanismo

**CONCELLO DE FISTERRA**

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
C.I.F.: P1503800C
Telf. 981 740 001
info@concellofisterra.com

exp. 2025/G003/000753

SEGUNDO: Publicar a Oferta de Emprego Público no taboleiro de anuncios da Corporación, así como na sede electrónica do Concello, no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia.

TERCEIRO: En virtude do establecido na Addenda ao Convenio para a asunción pola Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías de Corpos da Policía Local e as prazas de auxiliares de Policía Local ou as prazas de vixiantes municipais, formalizado en data de 02/02/2022, remitir certificación desta resolución á Academia Galega de Seguridade Pública para a execución do proceso de selección da praza seguinte:

CÓDIGO	GRUPO	DENOMINACIÓN	TIPO DE PERSOAL	ÁREA DE ADSCRICIÓN
05.00.00.0 1	C1	Policía Local	F	Departamento de Seguridade

CUARTO: Dar conta ao Pleno na primeira sesión ordinaria que celebre, en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais

Mandouno e asíno o Sr. Alcalde no Concello de Fisterra, a martes 16 de decembro de 2025 , do que eu, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

Luís Manuel Insua Lago

ANTE MIN**O SECRETARIO-INTERVENTOR,**

Marcos Vázquez Campaña